



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licencias urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos á licenza municipal á que se refire o artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, e que deban realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na dita Lei e no planeamento e normas urbanísticas deste concello e demais que resulten de xeral aplicación

Artigo 3. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Base imponible

1. Constitúe a base imponible da Taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
 - b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
 - c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbiles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
 - d) A superficie dos carteis de Propaganda colocados en forma visible desde a vía pública.
2. Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota desta Taxa será a resultante de multiplicar por 0,1 a cota correspondente á liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, sempre que a liquidación definitiva non exceda da anterior; no caso contrario, terase en conta a dita liquidación definitiva.

Respectaranse en todo caso as seguintes tarifas mínimas:

LICENCIAS OBRA MAIOR

Teñen esta consideración as obras que afecten á estrutura da obra.

CONCEPTOS	euros/lic.
licenza de ZONA A.....	141,15
licenza de ZONA B.....	89,11
licenza de ZONA C.....	38,61
licenza de ZONA R e N.....	18,53

LICENCIAS OBRA MENOR

Teñen esta consideración as obras que non afecten á estrutura da obra.

CONCEPTOS	euros/lic.
licenza de ZONA A.....	89,11
licenza de ZONA B.....	61,07
licenza de ZONA C.....	26,02
licenza de ZONA R e N.....	14,86

2. Cando a actividade urbanística municipal teña por obxecto as licenzas de primeira utilización ou de cambio de uso de edificios, aplicarase o seguinte cadro de tarifas:

<i>suposto</i>	<i>contía</i>
1º.- Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas, e os seus locais complementarios.	130 euros por cada vivenda ou local.
2º.- Edificios para vivendas colectivas e / ou locais de ata 250 m ² .	95 euros por cada vivenda ou local independente.
3º.- Os restantes edificios.	o 0,25 por cento sobre o orzamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou, se fose o caso, do que resulte da inspección realizada polos técnicos municipais, cun mínimo de 180 euros por cada vivenda ou local independente.

Artigo 7. Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 8. Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras escomenzarán ou se executaran sen solicita-la oportuna licenzia, a Taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.
3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenzia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin por renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenzia.

Artigo 9. Declaración

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenzia de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o

cuestionario a que fai referencia no artigo 2 do D. 69/89, de 31 de marzo da Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licencia para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación do proxecto suscrito polo técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e en xeral, das características da obra ou acto que permitan comproba-lo custo daqueles.
3. Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal acompañado do novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10. Liquidación e ingreso

1. Liquidarase e esixirase o importe da Taxa unha vez concedida a licencia urbanística. Nembargantes, poderase esixi-lo importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude de licencia de obra, en calidade de depósito previo.
2. A Administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez rematadas as obras e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, a vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.
3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique unha vez concedida a licencia, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo agás que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis non teña este carácter.
4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA

As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, se non se inician as obras, e se antes de que transcorran dous anos dende a súa concesión non se



terminan as mesmas.

SEGUNDA

A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 19.10.1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Publicación B.O.P.: 27-12-1989

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 30.12.1993	25.03.1994
2ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003
3ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
4ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
5ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
6ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
7ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
8ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008
9ª	Pleno 04.11.2010	29.12.2010

ANEXO

Para a aplicación desta taxa terase en conta a clasificación de rúas que se transcribe a continuación:

RÚAS DO GRUPO A:

Avda. de Benito Vigo
Praza de Galicia
Rúa de Calvo Sotelo
Rúa Ulla
Avda. de Pontevedra (ata a Avda. de Marín)
Praza da Constitución
Rúa nº 5 ou rúa Castelao
Praza de Martínez Anido
Rúa Capitán Bernal
Rúa Peregrina

Avda. de América
Rúa de Waldo A. Insúa
Rúa de Padrón
Praza da Igrexa
Rúa de Serafín Pazo (dende a Pza. de Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Pérez Viondi (dende a Pza. da Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Iryda (dende a Rúa Justo Martínez ata a Avda. de Ponteareas)
Avda. de Ponteareas (dende a Porta do Sol ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Severino Trigo
Rúa Don Nicolás
Travesía de Vega de Armijo
Rúa Justo Martínez

RÚAS DO GRUPO B:

Avda. de Pontevedra (dende a Avda. de Marín ata o final)
Rúa Fernando Conde (dende a Porta do Sol ata o cruce coa estrada de Vinseiro)
Avda. de Santiago
Rúa nº 18 de Ordenación Urbana ou Rúa de Cerdedo
Rúa nº 19 de Ordenación Urbana ou Travesía Avda. de América
Rúa nº 20 de Ordenación Urbana ou Rúa de Forcarei
Rúa nº 5 de Ordenación Urbana ou Antón Losada Diéguez
Avda. de Vigo
Avda. de Venezuela
Travesía Irmáns Valladares
Rúa San Paio (dende a Pza. de Galicia ata o límite do casco de poboación)
Rúa Gradín
Travesía de Veá
Rúa Serafín Pazo (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa Pérez Viondi (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa Iryda (dende a Avda. de Ponteareas ata o cruce que sae da casa Hrdos. de D.Jesús Portela) ou rúa nº 49
Rúa da Baiuca
Rúa do Muíño (dende a rúa Leicures ata o límite do casco urbán)
Rúa nº18 ou Travesía ou Prolongación Waldo A. Insúa
Rúa Marín
Rúa de Rosalía de Castro
Travesía do Cruceiro
Rúa. nº 24 ou nº 58 das vixente N.O.S.P.
Prolongación da Avda. de Ponteareas ou Avda. da Torre (dende a Avda. de Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa do Matadoiro
Rúa Leicures
Rúa nº 62
Rúa X ou nº 13 das N.O.S.P.
Rúa Y ou nº 11 das N.O.S.P.
Rúa nº 14
Rúa nº 29
Travesía da Igrexa
Praza da Feira

RÚAS DO GRUPO C:



Rúa de Iryda (dende a casa de Hrdos. de Jesús Portela ata o final)
Rúa do Cruceiro
Rúa da Cañoteira
Rúa Decoita
Rúa Penerada

Outros lugares do extrarradio e demais vías públicas non sinaladas anteriormente e enclavadas en solo urbano ou apto para urbanizar.

GRUPOS N e R:

Comprende as vías públicas enclavadas na zona rural do municipio.